



A BRUXA MÁIS BRUXA

FICHA 1



A Bruxa espertou do seu soño de varios séculos, espreguizouse, mirouse no espello e dixo:

—Que sorte! Estou tan horrible coma sempre. Non, mellor aínda, estou peor ca nunca! Que ben! Cantas engurras e grans teño na cara! Son tan fea que me dou medo a min mesma. Xenial!

E colocando na cabeza o gorro de bruxa dixo:

—Hoxe erguinme moi enfadada. Teño ganas de facer os peores feitizos. Vou botar unha ollada para ver como anda o mundo.



A Bruxa saíu coa vasoira a percorrer o planeta. Viu pasar un avión e dixo:

—Vaia, que ben se alimentan os paxaros nestes tempos! Como medran e que fermosa armadura de metal levan! Gustaríame facer o mesmo co meu corvo. Pero..., espero que non faga tanto ruído ao voar coma este.

Máis adiante, a Bruxa viu unha cidade e dixo:

—Que vexo alí? Unha cidade con casas que medraron ata as nubes. E están todas unhas a carón das outras. E iso... que é iso? Parecen carruaxes sen cabalos e corren coma tolos polas rúas. Vaia, paréceme que durmín uns séculos de máis!

FICHA 2

A Bruxa descendeu e preguntoulle a un transeúnte:

—Señor, con que feitizo andan esas carruaxes sen cabalos?

—Mire señora, o seu disfrace é moi bo pero non teño tempo para andar con bromas.... Taxi! Taxi!

A Bruxa quedou sorprendida vendo o home correr detrás dunha desas carruaxes e dixo:

—Taxi, taxi... Será unha palabra máxica? Tratarei de recordala!



A Bruxa atopou un comercio de electrodomésticos e asombrouse cun televisor acendido que proxectaba unha película:

—Ai!, como meterían toda esa xente dentro desa caixiña.

—Señor, señor, cal é o feitizo desta caixa?

—Feitizo? Feitizo? Non coñezo esa marca.



A bruxa afastouse na vasoira e volveu á súa negra morada para durmir uns séculos máis.

Despois de todo, eran mellores os pesadelos que ela soñaba que esoutros que os homes tiñan neste tempo.




Comprendo a lectura

1 En que orde sucedeu?



2 Explica que lle pasou á bruxa cando espertou.





Intelixencia lingüística: Inventar outro final

3 Contesta.

Esta historia pareceche real ou fantástica? Por que? _____

Inventa outro final para o conto. _____



As máquinas

Observa, le e aprende.

Se miras ao teu arredor, verás que estamos rodeados de máquinas; unhas son grandes e complicadas, como o motor dun coche, e outras, pequenas e sinxelas, como un afixador.

Unha **máquina** é calquera obxecto que utilizamos para realizar un traballo ou unha tarefa con **menos esforzo** ou en **menor tempo**.



Para poder funcionar, todas as máquinas necesitan **enerxía**:


- Algunhas funcionan coa **forza humana**: a serra corta a madeira pola forza que exerce o carpinteiro.
- Noutros casos, é a **electricidade** a que achega enerxía, como no caso do ordenador, o aparato de facer ecografías...
- Os coches, os avións, os barcos... necesitan un **combustible**, como a gasolina ou o gasóleo.

Se non sabes que tipo de enerxía utilizan... investiga!

1 Escribe tres máquinas que vexas ao teu arredor e con que tipo de enerxía funcionan: forza humana, electricidade ou combustible.

Máquina

Enerxía



A roupa ao longo da historia

As persoas foron cambiando o seu xeito de vestir ao longo da historia. Le e investiga para completar as fichas.

ÉPOCA DAS CAVERNAS

As persoas que vivían na prehistoria elaboraban a roupa e o calzado coa pel dos animais que cazaban. Ademais, adornábanse con colares que facían con cunchas, ósos, dentes... deses animais.



Escribe os nomes doutros materiais naturais cos que se confecciona a roupa nos nosos días.



ÉPOCA DAS PIRÁMIDES

Os homes e as mulleres que vivían no antigo Exipto ían vestidos con roupa solta e lixeira polas altas temperaturas, e encantáballes levar xoias que facían con contas de cores e metal.

Escribe nomes de pezas de vestir que levamos na actualidade para pasar menos calor en verán.



NOUTRAS ÉPOCAS



Hai máis de 600 anos.



Hai 200 anos.



Na actualidade.

1 Fíxate nas tres imaxes e compara a forma de vestir das persoas que aparecen nelas.


- Pensas que cambiou moito a forma de vestir desde hai 600 anos? Por que?

- Que roupa cambiou máis, a do home ou a da muller?

- Que forma de vestir che gusta máis, a de agora ou a antiga?

- Cal che parece máis cómoda?

- Investiga cando empezou a vestir a muller con pantalón e escríbeo.



Aprendo palabras

1 Le as oracións e debuxa a palabra subliñada en cada unha.

- 1 Esta roseira ten uns picos moi longos.
- 2 O albanel fixo un buraco co pico.
- 3 O alpinista escalou ata o pico do monte.

2 Fíxate nos debuxos e escribe oracións.


cola



folia



banco





Escribo ben



A coma colócase entre as palabras que forman unha serie.
Ao ler, indica unha pausa.

1 Coloca as comas e a letra que faltan.



Luns martes mércores xoves venres sábado **e** domingo
son os días da semana.

Xaneiro febreiro marzo abril maio xuño xullo agosto setembro
outubro novembro **e** decembro son os meses do ano.

2 Fíxate no debuxo e completa poñendo as comas necesarias.



Na cociña da miña casa

hai

3 Que pratos cociñamos co robot?




cebola, cenorias,
cabaciña, porros

carne, macarróns,
queixo, tomate

O puré levaba

A pasta con carne levaba



13

Nome e apelidos:

Data:


Lingua Galega 2.º


R

1 Escribe en cada caso unha palabra que teña eses dous significados.









2 Rodea de vermello o suxeito e de azul o predicado nestas oracións.

O neno ordenou o seu cuarto.

María levou o canciño ao veterinario.

Os barcos están amarrados no porto.

Os paxaros fan os niños nas árbores.

A miña tía fixo empanada de mexillóns.

13



Nome e apelidos:

Data:

Ciencias 2.º

R

1 Escribe os nomes de dúas máquinas que funcionen con pilas, débúxaas e explica para que se utilizan.



2 Colorea as etiquetas dos obxectos que non existían cando os avós dos teus avós eran pequenos.

pratos

ordenador

roda

teléfono móbil

culler

casa

colar

mando a distancia

zapatos

papel

muñños

impresora

13

Nome e apelidos:

Data:

Ciencias 2.º

A

1 Explica para que serve cada unha destas máquinas e con que tipo de enerxía funciona.

■ Trade:

■ Carro da compra:

■ Aspiradora:

■ Motocicleta:

2 Fíxate no personaxe da imaxe; viviu na prehistoria. Explica de que estaba feita a súa roupa e que tipo de adornos levaba.



13

Nome e apelidos:

Data:

Lingua Galega 2.º

A

1 Completa coas palabras **banco** e **ponte**.

Queres que sentemos nese ?

O luns hai , non temos clase.

Fixeron unha para atravesar ese río.

O non abre os sábados pola tarde.

2 Le o texto e coloca as comas.

A gata Michiña érquese cedo. Lambe as patiñas con coidado mentres María almorza leite torradas e zume de laranxa. Logo recolle o prato o vaso e a culler. Antes de saír da casa pon o abrigo as luvas e o sombreiro. Michiña sube á venta para vela marchar.

3 Une e escribe as oracións.

A policía

Os cociñeiros

Un mariñeiro

perdeu un remo.

ordena o tráfico.

fan a comida.

13

Nome e apelidos:

Data:

Lingua Galega 2.º

AV

1 Fíxate nos debuxos e di o que fai cada personaxe.



O fotógrafo

As peixeiras

A médica

Os albaneis

2 Pon as comas e volve a escribir a oración.

No parque de Marcelle hai esquíos avestruces
 cervos cisnes iguanas renos
 tartarugas ata dromedarios.

13

Nome e apelidos:

Data:

Ciencias 2.º

AV

1 Colorea a opción correcta en cada caso e completa as oracións.

■ As máquinas axúdannos a realizar as

tamaño esforzo

tarefas con menor .

■ Para poder funcionar, todas as máquinas

botóns enerxía

necesitan .

2 Elixe e completa a táboa cos nomes que correspondan.

pluma

teléfono móbil

tren de carbón

tren eléctrico

bolígrafo

teléfono con cable

	Máis antigo	Máis moderno
Para desprazarse.	<input type="text"/> <input type="text"/>	<input type="text"/> <input type="text"/>
Para escribir.	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Para comunicarse.	<input type="text"/> <input type="text"/>	<input type="text"/> <input type="text"/>

13

Nome e apelidos:

Data:

Ciencias 2.º

AV

3 Rodea os nomes de sete máquinas e escribe as catro que funcionan coa forza humana.


P S A C A R R O L L A S A
 T S L A M B X Z P T J T F
 R E C A R R E T I L L A I
 F C W I K L A P A J I J A
 J A E W O Z V U N E B E L
 H D R N O X I F C R U R A
 F O R N O J O X H A R A P
 S R C A P U N T A S W S I
 A L T E S O I R A S M P S

4 Relaciona.

- O que está a acontecer agora
- O que aconteceu antes
- O que acontecerá dentro dun tempo
- Os acontecementos pasados
- o pasado.
- o futuro.
- forman a historia.
- É o presente.

5 Ordena estes traxes de máis antigo a máis moderno, escribindo números do 1 ao 4.

2



13


Nome e apelidos:

Data:

Lingua Galega 2.º

CL

1 Escribe a palabra que indica o que fai cada personaxe do poema.
Fíxate no exemplo.



A terra durmía
moi acurrunchada
e a lúa entre tanto
arrosos cantaba.

As árbores vellas
no bosque soñaban
que a araña as cubría
cun manto de prata.

Espertou o sol
entre nubes brancas
e o ceo vestiuse
de cores douradas.

A terra durmía

A lúa

As árbores

A araña

O sol

O ceo